

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR), PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DEDALEIRA, ESPECIALIZADO EN INFORMACIÓN E ASESORAMENTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA AS MULLERES CON DISCAPACIDADE E A SÚA CONTORNA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación de Mulleres con discapacidade de Galicia (ACADAR) o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Mulleres con discapacidade de Galicia (ACADAR) para manter o servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual para a loita contra a violencia de xénero, destinado ás mulleres con discapacidade, ás súas parellas, familiares e persoas da súa contorna.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), constitúese como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega coa finalidade de ofertas servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade independentemente do lugar onde residan, tendo en conta sobre todo, as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.



A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) para o financiamento do mantemento do servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual para a loita contra a violencia de xénero, destinado ás mulleres con discapacidade, ás súas parellas, familiares e persoas da súa contorna social ou institucional, no que se inclúe asesoramento individualizado, intervención social e psicosexual, accións de formación grupal, o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos o violencia de xénero. Dentro de esta unidade tamén se contempla o asesoramento xurídico que as persoas con discapacidade ou da súa contorna poidan precisar xa que a entidade percibe unha alta demanda en materia de asesoramento legal, pois as mulleres e nenas con discapacidade se atopan cun maior descoñecemento e desprotección.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrència competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. O carácter singular do presente convenio vén porque cómpre sinalar que, tal e como se sinala Estratexia Estatal para Combater as Violencias Machistas 2022 – 2025, as mulleres con discapacidade son máis vulnerables ante as violencias machistas porque a súa realidade está máis invisibilizada e os recursos implementados polas política públicas non son sempre accesibles nin están adaptados, pese aos esforzos das institucións, así mesmo a Resolución de 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) presta unha especial atención en todas as súas actuacións á discapacidade.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrència pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) no que o interese prioritario é poder ofertar servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade, independentemente do lugar onde residan, tendo en conta sobre todo as necesidades



específicas das mulleres residentes no rural asumindo que as mulleres e nenas con discapacidade comprenden un colectivo de maior risco fronte a todos os tipos de violencia de xénero e teñen menor acceso a servizos de orientación e asesoramento para cuestións aínda consideradas tabú na nosa sociedade, como a sexualidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

